

Cando Compostela comungou coa ciencia: a actividade intelectual dos franciscanos santiagueses nunha análise comparativa¹

Lúa Blanca Garea Garrido — Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

A finais do século pasado, un artigo de Luis García Ballester confirmaba o papel central compostelán no coñecemento dos saberes científicos dentro da península ibérica no s. XIII ao poñer de manifesto a presenza de tres *studia* das ciencias naturais na cidade compostelá descoñecidos até aquel momento: os conventos de franciscanos e dominicos e a sede episcopal (1996: 152). Así, o documento facía que o investigador reconsiderase algunhas cuestións sobre o interese destas ordes (1996: 146) pola filosofía natural e as matemáticas, relacionadas coa astronomía e a astroloxía, a metafísica ou a xeometría, e determinase que a súa orixe non debía situarse nos anos 60 dese século nas zonas de Cartaxena e Murcia, tal como se pensaba até aquel momento, senón que tiñan a súa orixe uns corenta anos antes e no noso territorio (1996: 153).

A fonte grazas á que xorde esta hipótese é o fol. 1r do manuscrito Città del Vaticano, Biblioteca Apostolica Vaticana, Vat. Lat. 659 (en adiante Vat. Lat. 659), no que temos noticia dunha serie de préstamos bibliográficos entre a sede episcopal e os mosteiros de franciscanos e dominicos relativos a materias da filosofía natural². Este intercambio de obras, utilizadas polos frades mendicantes composteláns cun obxectivo posiblemente orientado ao seu estudo e divulgación, non ten unicamente importancia pola súa existencia en si ou pola constatación dun cambio nas orixes dos estudos científicos por parte dos mendicantes hispánicos, senón que ten tamén o seu papel e razón de ser nun contexto moito máis amplo.

A pesar da exactitude e completeza do traballo de García Ballester, existen aínda moitas incógnitas sobre o desenvolvemento dos estudos naturais nestes centros composteláns, algunhas

1 Esta publicación forma parte dun proxecto de tese financiado polas Axudas de apoio á etapa predoutoral da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia (ED481A), así como do proxecto LETRA (Lectura, comentario y traducción de autores clásicos en la Edad Media hispánica: estudio, edición y catálogo; PID2024-157100NA-I00).

2 Biblioteca Apostolica Vaticana, Vat. Lat. 659, fol. 1r. Dixitalizado en: <https://digi.vatlib.it/mss/detail/Vat.lat.659> [última consulta: 06/10/2025].

das cales foron xa postas de manifesto no final da publicación do devandito investigador (1996: 164), relacionadas co proceso de nacemento e conformación destes *studia*, as particularidades da actividade levada a cabo, a procedencia das obras que incluíu o seu corpus científico e literario ou a súa desaparición, pois a partir de 1230 non volvemos ter noticia deste labor. Neste sentido, un dos problemas para tratar de resolver estes aspectos adoita ser precisamente a falta de testemuños que avalen ou permitan afondar na cuestión. Así, as circunstancias obrigan a utilizar perspectivas e metodoloxías alternativas que permitan achegarse ao estudo destes centros e do papel de Santiago como parte da historia da ciencia ibérica.

Neste sentido, unha das vías de aproximación á cuestión é a análise comparativa. Este enfoque non é novo dentro da traxectoria do estudo desta materia, o propio García Ballester (1996: 159-160) xa poñía en relación os centros composteláns cos de Oxford ou París³. Así, o presente traballo desenvolverá unha nova interpretación en forma de proposta metodolóxica, facendo unha relectura dos casos comparados con anterioridade e analizando outros dous non estudados ata agora, contribuíndo así á hipótese de que a metodoloxía comparativa representa unha técnica útil para afondar nesta tradición cando o estado da cuestión e fontes primarias non permiten extraer novas conclusións sobre a materia e posibilitando tamén situar contextualmente de forma máis precisa o noso caso de estudo principal⁴.

Esta aproximación metodolóxica estará dividida en catro partes. A primeira expoñerá o obxecto de estudo de base, é dicir, o caso compostelán. As restantes seccións están centradas nos tres obxectos de comparación: os centros de Oxford e París, o caso francés do *Vallis Viridis* e o caso italiano de Sarnano. No primeiro dos casos, o de Oxford e París, a comparación vén dada pola propia análise do Vat. Lat. 659 fol. 1r por parte de García Ballester (1996: 159-161), quen a pesar de non realizar un estudo comparativo como tal, considera aspectos relacionados entre estes ámbitos, sendo a razón principal do cotexo entre eles o seu período de actividade intelectual a principios do s.XIII e o uso compartido de determinadas obras ou materias.

En segundo lugar serán obxecto de comparación o caso compostelán e o do chamado *Vallis Viridis*, un dos primeiros conventos franciscanos parisienses, que aparece na primeira das análises do Vat. Lat. 659, feita por De Bruyne en 1930. Nela, o autor poñía en dúbida que o corpus de obras científicas utilizado polos frades mendicantes de principios do s. XIII puidese pertencer a

3 Matizamos, con todo, que aínda que realmente os frades dominicos santiagueses tomaron tamén parte nesta cuestión, como será manifestado, este estudo estará centrado unicamente nos seus irmáns franciscanos debido á imposibilidade de incluír as dúas perspectivas nestas páxinas. Desta forma, entenderemos os casos dos franciscanos e dominicos de Oxford e París mencionados por García Ballester como un único bloque, pero comparándoo unicamente co caso franciscano santiagués. Con todo, poñemos de relevo a análise completa de García Ballester, que incluía a perspectiva dos dominicos parisienses de Saint-Jacques (García Ballester 1996: 146, 152-153, 160).

4 Neste sentido cómpre ter en conta as aportacións de Capelli (2013) sobre os estudos comparativos e a literatura medieval, considerando cuestións como o alcance de diferentes disciplinas que engloba hoxe o estudo da literatura medieval, destacando así a súa faceta interdisciplinaria e transversal, e sendo a perspectiva cultural comparativa de axuda para o afondamento nestes estudos. Temos así mesmo en conta certas limitacións ou dificultades no referente á análise comparativa no contexto da literatura medieval, como foron postas de manifesto por Domínguez Prieto (2005), así como as consideracións de Holmes e Standen (2015) sobre a necesidade de examinar os estudos medievais dende unha perspectiva comunicativa diferente da eurasiática e os achegamentos á cuestión baixo a premisa de “What was ›global‹ in the Middle Ages?”.

un convento hispano debido ás prematuras datas recollidas, de aí que a pesar de estar sinaladas en eras hispánicas obviase ese matiz e situase o corpus na segunda metade do século e non na primeira e, ademais, aportase a lectura de *Vallis Viridis* en lugar de *Vallis Dei*, que poñería o foco non en Santiago, senón neste convento franciscano francés, que foi nun primeiro momento situado en Saint-Denis e pouco despois trasladado a Saint-Germain (De Bruyne 1996: 230). Así, aínda que esta errónea identificación fora xa corrixida coa publicación de Castro (1993), cómpre reflexionar sobre as similitudes e diferencias entre os dous casos.

O último obxecto de comparación nesta análise é o do mosteiro franciscano de Sarnano, en Macerata (Italia), pero a xustificación para a comparación con este caso é significativamente diferente das anteriores. Aínda que esta cuestión será explicada en detalle no apartado correspondente, a relación indirecta entre os dous espazos xeográficos vén dada pola produción científica de Pedro o Galego, bispo de Cartaxena entre 1250 e 1267 pero de orixe galega, do que conservamos tres obras, parte dunha das cales pode atoparse hoxe no devandito Sarnano.

2. Todos os camiños levan a *Compostela*

Tal e como xa expoñía García Oro (2006: 17-22), os mendicantes chegan ao territorio peninsular no s. XIII baixo dúas premisas: como peregrinos a Santiago e como misioneiros para o Islam, asentándose nas principais vías de comunicación Xacobeas, é dicir, en dirección a Santiago, concretamente en lugares como Vitoria, Burgos, León ou Oviedo. Estes asentamentos teñen unha natureza urbana e estratéxica, e o caso particular de Santiago ten unha especial importancia por ser a cidade que neste momento o representa todo: é metrópole e padroado relixiosos, señorío territorial e meta de tódolos camiños (García Oro 2006: 22).

A temperá creación destes mosteiros provoca posteriormente o desenvolvemento de diversas teorías sobre o seu xurdimento. No caso compostelán, a creación dos mosteiros franciscano e dominico se relaciona coas propias peregrinacións de san Francisco e san Domingo de Guzmán a Compostela⁵. Manso Porto (2014: 19-21) bosquexa o proceso polo cal se establece o relato da fundación do mosteiro franciscano de Compostela da man do propio santo, sinalando como durante o s. XIII non temos aínda noticias del, no XIV queda consolidada esta tradición e posteriormente no XVI escoitamos as novas da fundación do convento de Val de Deus por parte de san Francisco.

Ademais, a posición estratéxica dos mosteiros mendicantes non inflúe unicamente no seu proceso de asentamento, senón tamén nas actividades intelectuais ás que dedican parte dos seus labores. Como ben sabemos, os mendicantes son parte da tendencia intelectual e escolástica da Europa do s. XIII, polo que as súas comunidades destacan pola súa práctica libraria, por converterse en posuidores de libros, en casas de estudos, *studia generalia* ou incluso universidades nadas da copia sistemática e estudo de libros (García Oro 2006: 95-96).

5 Pérez Rodríguez (2018: 97) destaca ademais como a competencia entre ordes relixiosas no que se refire ás súas orixes adoitaba ser común, como é o caso dos mosteiros de Sobrado e Oseira ou precisamente, aínda que de menos renome, o dos dominicos e franciscanos. Así mesmo o investigador pon de manifesto as particularidades do asentamento dos mendicantes no reino de Galicia, destacando a súa cronoloxía e repartimento xeográfico, que aínda que non son obxecto de estudo aquí, son de relevancia para a comprensión do panorama xeral galego nesta cuestión.

E así, os seus estudos non teñen unicamente un carácter teolóxico ou litúrxico. É de relevancia que fe e ciencia, predicación e filosofía natural, converxen neste momento nos contextos mendicantes⁶. Neste sentido, a consideración de Compostela como parte da tradición mendicante do estudo da filosofía natural foi confirmada por García Ballester no seu traballo de 1996. Con todo, o xermolo da cuestión non nace aí, senón case setenta anos antes, concretamente en 1930, co descubrimento na Biblioteca Apostólica Vaticana do xa mencionado fol. 1r do manuscrito Vat. Lat. 659 da man de De Bruyne.

A primeira análise deste foi a concibida neste momento polo investigador belga, pero despois sería fortemente rexeitada e corrixida polos estudos de Castro (1993) e García Ballester (1996). Tal e como o describe De Bruyne (1930: 229-230), o documento que estamos a tratar, escrito en gótica francesa cara a metade do s. XIII, está dividido en cinco entradas, con tres escrituras diferentes e recollendo en eras hispánicas as datas nas que foron retirados, seguramente pertencendo este rexistro ao prestameiro, unha serie de libros dunha mesma biblioteca, situada nun posible *Vallis Dei*, nun período que comprende nove anos, e incluíndo ademais o nome das persoas que recollían eses volumes. A continuación, faise a primeira transcripción do documento.

O problema principal deste estudo ten que ver coa negación da relación entre o corpus bibliográfico mencionado e o territorio compostelán. Sesenta e tres anos despois a análise de Castro corrixe os erros iniciais, pois argumenta que o estudo previo deu lugar a unha “graciosa teoría” (1993: 151) derivada da crenza do investigador francés de que como os manuscritos mencionados neste rexistro eran demasiado científicos para pertencer a un mosteiro español, foron ignoradas as datas en eras hispánicas⁷, a orixe hispánica dos nomes dos frades mencionados e o nome do mosteiro en cuestión, interpretando que onde o documento di *Vallis Dei* debía lerse en realidade *Vallis Viridis*, e que por tanto facía referencia a un mosteiro franciscano próximo á universidade de París (1993: 151).

Con todo, a pesar dos grandes avances que supuxo na interpretación da cuestión, afianzando a correcta lectura de *Vallis Dei*, a análise de Castro (1993) non estivo libre de erros. Existe no seu traballo un defecto fundamental: o feito de que no documento non aparece unicamente mencionada a participación dos frades franciscanos. Isto foi corrixido no estudo de García Ballester (1996: 157-158), recoñecendo nel a presenza de dous irmáns menores do mosteiro de Val de Deus e un da orde de predicadores, é dicir, de Bonaval⁸. Esta corrección de García Ballester amplía o xa exposto con anterioridade, matizando a identificación dunhas 48 obras recollidas explicitamente en 39 ou 40 volumes, ademais dalgunhas outras que non poden ser identificadas. Delas, apunta

6 Tal e como xa resume Lázaro Pulido (2013: 92): “La naturaleza entendida como el resultado del acto creador de Dios se asocia en el siglo XII a la curiosidad intelectual, en un humanismo del microcosmos del hombre creado que va a provocar diferentes tipologías de pensamiento, reacciones y respuestas que en el siglo XIII se favorece por la consumación de un contexto geográfico, económico y social que toma carta de naturaleza en la escolástica renovada de las órdenes mendicantes: dominicos y franciscanos”. Do mesmo xeito, o investigador destaca que esta visión sobre a natureza e o seu estudo non está necesariamente ligada aos contextos universitarios, senón que está presente tamén noutros ambientes.

7 Considerando xa que logo De Bruyne que as datas recollidas pertencerían á década dos anos 60 do s. XIII (1930: 229-230) e Castro (1993: 151-152) aos anos 20 do mesmo século.

8 A saber: *Petrus Oduarii* e *Johannes Fernandi* no primeiro caso e *Martinus Fernandi* no segundo.

tamén, 33 pertencerían á materia astronómica, astrolóxica ou de filosofía natural en xeral (1996: 157). Nesta nova interpretación cobrará tamén un papel importante o descoñecemento do propietario real dos manuscritos e a súa falta no inventario da biblioteca de Bernardo II de 1236. Para el, con todo, existían dúas posibilidades: que pertencesen a Bernardo II pero foran doadas antes da creación do catálogo, ou ben que pertencesen á biblioteca episcopal e non aparecesen por tanto no inventario persoal do bispo (García Ballester 1996: 158)⁹.

O corpus ao que nos estamos a referir, aínda que demasiado amplo para reflexar aquí¹⁰ pero citando o resumo que facía García Ballester na súa propia análise, comprende obras científicas pertencentes á tradición greco-árabe, especialmente as traducidas ao latín en Toledo durante a segunda metade do século anterior, incluíndo a obra de Ptolomeo, Azarquiel, Alfragano, Alfarabi e os comentarios de al-Narizi, o tratado de astroloxía de Albumasar, Táboas de astronomía, a tradición algorítmica e tamén as traducións dos escritos naturais de Aristóteles (*De animalibus*) e os comentarios de Averroes á *Metafísica* ou ao *De anima* (García Ballester 1996: 159).

Expoñemos a continuación (Táboa 1) de maneira resumida os puntos máis significativos das tres análises que acabamos de presentar, así como os erros derivados das mesmas que dificultaron o recoñecemento da importancia deste documento ata o momento, sinalados en cor vermella:

	De Bruyne (1930)	Castro (1993)	García Ballester (1996)
Datas	1260-1268	1222-1230	1222-1230
Lugares	<i>Vallis Viridis</i>	<i>Vallis Dei</i>	<i>Vallis Dei</i>
Prestameiros	Frades menores e predicadores	Frades menores	Frades menores e predicadores
Prestatarios	Indefinido	Frades menores (depósito na sede episcopal)	Biblioteca episcopal
Usos	Non especificado	<i>Studium conventuale</i>	<i>Studium conventuale</i>
Identificación das obras do corpus	Solo edición	Identificación parcial	Identificación case completa

Táboa 1: Similitudes e diferenzas na análise do fol. 1r do Vat. Lat. 659.

9 Sobre esta cuestión cómpre ter en conta as consideracións de López-Mayán Navarrete sobre a existencia e circulación de libros litúrxicos na Catedral de Santiago de Compostela entre os s. XI e XV, así como especialmente as explicacións sobre a súa desaparición a partir de 1572, como poden ser efectivamente as doazóns, pero tamén a venda de exemplares ou a súa propia destrución (2010: 412-413).

10 Para unha ollada completa ás obras identificadas ata agora e as súas particularidades remitimos de novo ao último traballo completo publicado sobre a cuestión, a de García Ballester (1996: 165-169). Esperamos poder ofrecer unha nova análise nun futuro próximo.

Así, García Ballester fai fincapé no feito de que as materias estudadas polos frades deixan ver a existencia duns *studia* nos que os frades menores e predicadores demostraban un interese particular pola ciencia nunhas datas moi temperás, pois pon a súa actividade en comparación coa levada a cabo no *studium generale* de Oxford dende 1224 por parte de Roberto Grosetesta e en Saint-Jacques de París dende 1218 (1996: 146).

3. Oxford e París

Así, no momento no que Compostela estaba a comungar coa ciencia, o mesmo ocorría noutros lugares de Europa, incluso nalgúns tan importantes como os que derivarían nalgunhas das universidades de maior referencia no mundo.

García Ballester (1996: 160) abordaba esta cuestión sinalando que o documento da BAV non é unicamente proba de que Compostela debe ser considerada entre os focos de actividade intelectual da península, senón que é ademais testemuña das relacións existentes entre os círculos intelectuais europeos, así como da transmisión de ideas e obras a través destas redes intelectuais. Claro está, Compostela goza dun lugar privilexiado grazas ás conexións que lle proporciona o Camiño de Santiago. No eido político a súa faceta como meta de peregrinacións outorgáballe un significativo poder no reino de León (Herbers 2015: 48) estando a peregrinación xacobeá arredor do 1200 nun momento de plena vitalidade no que chegan a Compostela peregrinos de todo tipo grazas á súa notoriedade (Singul 2015: 18). Consecuentemente, Singul chega a definir este proceso como un “fenómeno de masas” no que os franciscanos teñen un papel incuestionable estando en absoluta consonancia os seus principios morais e espirituais coa capacidade pastoral e espiritual da ruta xacobeá (2014: 65-66). Tal e como tamén citaba García Ballester, “el Camino de Santiago lo recorrían también los libros desde las más variadas partes de Europa” (García y García/Vázquez Janeiro 1986: 546).

García Ballester ten en conta dous centros principais na súa comparación co panorama santiagués: os xa mencionados Oxford e París. Así mesmo, Rucquoi (2005: 237-243) sinala xa relacións e intercambios de coñecemento entre a escola episcopal compostelá e outros centros europeos a través do traslado de mestres e estudantes a zonas de Francia ou Italia, así como estaba en contacto con Oriente (2005: 248-249).

Desta forma, García Ballester destaca que o momento no que os frades composteláns fan uso do corpus mencionado sorprende pola súa prontitude (1996: 159), que naturalmente resulta un factor determinante á hora de comparalo con outros casos, pero en ámbitos tan diferentes non resulta suficiente. Por iso, o investigador tamén apuntaba que existen certas consideracións necesarias nesta comparación que separan a relación entre estes casos de estudo a pesar de que a proximidade temporal entre centros tan inicialmente dispares sexa de interese. É precisamente no tipo de obras e a súa utilización onde pon el o foco, sinalando como en Santiago obras como as xa mencionadas antes eran utilizadas en 1225 da man de *Johannes Fernandi*, en Oxford eran incorporados os libros matemáticos (García Ballester 1996: 160). Porén, tamén destaca a continuación que os compañeiros parisienses non gozaron, polo menos parcialmente, do mesmo contexto, ao verse afectados polas *Constitucións* da orde de 1228, a través das cales fora rexeitado o estudo destas materias e ciencias mundanas.

Deste xeito, a comparación inicial de García Ballester sustenta as súas similitudes en (1) datas, (2) intereses compartidos e (3) o contexto mendicante ao que pertencen. No que se refire as diferenzas entre os centros mencionados, consideramos que algunhas delas teñen un peso especialmente significativo que provoca que a comparación non poida ser conclusiva.

En primeiro lugar, aínda que é certo que as datas iniciais de actividade dos distintos centros son moi similares, non o é a súa traxectoria. Isto xa fora tamén posto de manifesto por García Ballester nas propias conclusións do seu estudo (1996: 164), preguntándose por que a pesar da proximidade de datas e materias entre os centros e das dificultades que sufriron os de Oxford e París, foron precisamente estes os que tiveron unha continuidade no tempo e non o de Santiago.

Tendo isto en conta, queremos sinalar outros catro puntos chave de diferenza entre os ámbitos comparados, que etiquetamos como (1) magnitude, (2) ambientes, (3) personalidades e (4) usos.

Respecto á primeira cuestión, e en relación coa traxectoria dos ámbitos comparados, é manifesto que a pesar de poder situar os diferentes centros en datas moi próximas, a súa magnitude non é comparable. Isto non lidia coa maior ou menor valía dos centros, pero si semella parcial comparar os inicios de dúas das universidades máis lonxevas do continente cun centro de estudo cuxa traxectoria, polo coñecido ata agora, non excede a década.

Por outra parte, e continuando a argumentación anterior, os ambientes nos que os tres centros xorden distan moito entre eles. Tal e como establecía Díaz y Díaz (1971: 197-198), no caso compostelán os estudos desenvoltoos durante esta época na sede episcopal non eran aínda comparables aos dun ambiente universitario como tal, centrados na ensinanza da gramática, a dialéctica ou a filosofía. Si se establece que dende mediados do s. XI temos noticias dunha escola xa institucionalizada (Díaz y Díaz 1975: 184), que grazas a Xelmírez pasa da formación gramatical a incluír nos seus estudos a elocuencia e a lóxica aumentando así os seus recursos e prestixio no s. XII, sen esquecer ademais os desprazamentos que algúns clérigos facían ao estranxeiro para mellorar os seus estudos (1975: 186-188) e as relacións con outros centros xa mencionadas antes grazas ás consideracións de Rucquoi (2005: 237-243).

Os centros de Oxford e París contan cuns estudos máis establecidos e abertos, orientados cara a formación universitaria no que entenderíamos como un *studium generale*. No caso compostelán, aínda que as materias eran ata certo punto compartidas cos seus veciños franceses e ingleses, a falta de traxectoria e noticias posteriores indican máis unha orientación cara o *studium conventuale*, no que os frades demostraron un particular interese por diversas materias, posiblemente para o seu estudo privado ou copia de libros, pero que non chegou a establecer raíces. Ou polo menos non neste lugar, como veremos máis adiante.

Así mesmo, e de novo en relación coa distinta traxectoria que seguiron estes centros de estudo, cómpre destacar tamén as diferenzas derivadas das personalidades vencelladas a cada un deles. Como xa apuntaba García Ballester (1996: 164), Oxford e París viron nacer figuras de especial relevancia, como Roberto Grosetesta ou Adam Marsh. No caso compostelán coñecemos de forma directa aos xa mencionados, *Petrus Oduarii*, *Johannes Fernandi* e *Martinus Fernandi*¹¹. A relevancia

11 Falamos de figuras directamente relacionadas coa actividade do Vat. Lat. 659, tendo tamén en conta de forma posterior, como será posto de manifesto, a actividade de Pedro o Galego pero sen desmerecer a existencia doutras figuras relacio-

das figuras relacionadas con cada centro non é meramente unha cuestión de recoñecemento xeral ou fama, senón que ten tamén que ver coa propia produción literaria ou científica dos centros. Nos casos de Oxford e París si existe unha produción derivada dos estudos levados a cabo, non así no caso compostelán, do que non temos noticias de ningunha produción literaria ou científica durante os anos aos que se refire o documento da Vaticana. Explica todo isto o último ítem ao que nos referíamos, os usos dos materiais dos que dispoñían, que teñen unha dobre natureza: unha pasiva compartida polos tres, de estudo de materias parcialmente compartidas aínda que a niveis diferentes, e unha activa, unicamente manifestada naquel momento polos centros estranxeiros.

Dito isto, podemos observar que a aproximación comparativa posta de manifesto por García Ballester ten esencialmente unha natureza sincrónica, que permite ver realmente as grandes diferenzas entre os exemplos utilizados. Ben é certo que o investigador fai algunha mención a outros lugares, como o norte de Italia, especialmente na análise das obras utilizadas polos frades santiagueses, pero non constitúen exemplos tan significativos como os xa mencionados.

A pesar de ser a perspectiva comparativa unha metodoloxía de interese para profundar nalgúns aspectos desta cuestión, as similitudes observadas ata agora véñse excedidas polas significativas diferenzas entre os centros elixidos por García Ballester. Por esta razón, a continuación preséntanse dous novos exemplos comparativos que resolvendo a problemática da diferenza de magnitude entre os centros utilizados previamente, abordan perspectivas diferentes.

4. *Vallis Viridis*

Realmente, este non debe ser considerado un caso de comparación novo, senón unha sorte de continuación lóxica do apartado anterior. Neste caso, analizamos o asentamento franciscano parisiense e non o dominico como sinalaba García Ballester, pero o contexto no que xorden os dous é similar. Para realizar a súa identificación do *Vallis Dei* co *Vallis Viridis*, De Bruyne (1930: 230) acudía ao *Carthularium Universitatis Parisiensis*, no cal efectivamente foi recollido como nun primeiro momento, chegados os franciscanos a París entre 1219 e 1220 “apud Sanctum Dionysium morabantur, construere coeperunt in loco *Vallis Viridis* (*Valvert, Vauvert*), «domum longam et altam, quae multis fratribus videbatur esse contra statum paupertatus Ordinis». Despois disto, arredor de 1230 trasladáronse “ad S. Germanum, ubi remanserunt primo quidem ut hospites, postea vero jecerunt fundamenta illius conventus, qui appellabatur ‘le grand couvent des Cordeliers’” (Denifle/Chatelain 1889: 135). Este proceso de asentamento, examinado tamén por Beaumont-Maillet, é en realidade unha cuestión complexa, pois argumentando que os primeiros franciscanos parecen ter chegado a París en 1217 e teríanse dedicado inmediatamente ao estudo, aínda que pon en dúbida as localizacións iniciais dos frades na cidade (1975: 9-10)¹². Establecido

nadas coa sede compostelá. Castro (1996: 13-16) destaca no s. XIII as figuras relacionadas coa provincia franciscana de Santiago do propio Pedro o Galego, Xoán Xil de Zamora e Gonzalo Hispano Gallaecus.

12 Para unha panorámica completa sobre o proceso de asentamento dos franciscanos en París e os comezos da súa actividade intelectual véxase Beaumont-Maillet (1975), especialmente as pp. 6-37, que abordan cuestións como os seus emprazamentos iniciais, as dúbidas respecto das súas localizacións ou as figuras asociadas a eles. Ao establecer como xustificación para esta comparación o establecido por De Bruyne (1930), tomamos como referencia o argumentado por el.

que os casos de Oxford e París, aínda que de inmenso valor para a comprensión do papel santiagués, poden pecar de ser demasiado grandes en comparación, e visto que o caso parisiense conta cunha fase anterior xustificadamente relacionada co noso foco principal, é necesario valorar a diferenza comparativa que supón estoutro caso. Os datos en si non distan moito dos xa expostos, pero podemos facer algúns matices nos resultados da comparación.

Como xa poñíamos de manifesto, a razón principal da comparación entre o eido parisiense e o santiagués foi nun inicio a cuestión sincrónica, que segue sendo aplicable a este caso ao non distar especialmente as datas entre un e outro. De feito, se consideramos como se mencionaba que os franciscanos permaneceron en Saint-Denis entre 1219 e 1230, un emprazamento situado actualmente a uns dez quilómetros do convento dos Cordeliers, as datas cadrarían exactamente co período de actividade manifestada polos frades composteláns.

A dificultade máis relevante da comparación anterior, con todo, era a diferenza de magnitude entre o caso francés e o santiagués. Esa significativa diferenza podería verse en parte resolta se temos en conta este primeiro emprazamento, situado ás aforas da cidade, que se atopa nun ambiente menos urbano, ou polo menos non totalmente establecido no territorio urbano en relación coa universidade, parecéndose máis ao que podería ser o caso santiagués, tamén nun lugar privilexiado e estratéxico, pero sen relación directa cun contorno intelectual universitario.

Por outra parte, sobre a cuestión central dos intereses compartidos no apartado anterior, este caso é algo máis complexo. Beaumont-Maillet (1975: 196-199) sinala probas de que os franciscanos parisienses contaban xa cunha biblioteca dende mediados do s. XIII, aínda que debido á falta de información sobre o seu contido e á perda dos seus fondos no s. XVI, as conclusións son limitadas. Con todo, se ben non podemos facer alusións concretas á cuestión, si que podemos delimitar, inicialmente, que existe de novo un interese intelectual compartido entre as dúas comunidades, que iría ligado a algún tipo de actividade aplicada ao estudo ou á produción, como ocorre en xeral noutros exemplos de caso do ámbito mendicante. Extraemos así deste apartado que a aproximación inicial dende un caso dimensionalmente máis próximo pode proporcionar unha perspectiva máis semellante.

5. Sarnano

Tal e como xa foi mencionado ao principio e durante toda esta análise, unha das cuestións máis significativas á hora de entender a traxectoria dos studia analizados por García Ballester (1996: 164) é o baleiro de información despois de 1230, a última entrada rexistrada no fol. 1r do Vat. Lat. 659. A causa disto, o investigador preguntábase cal sería o motivo polo que non volvemos ter noticias desta tradición de estudo mendicante ata a produción científica de Pedro o Galego e de Xoán Xil de Zamora na segunda metade do s. XIII (1996: 164)¹³. Unha das posibles causas deste silencio de case 30 anos vén xustificado polo propio motivo que xa argumentaba García Ballester: a produción científica de Pedro o Galego.

13 Tal e como sinala García Oro (1993: 388) despois deste momento non temos noticias directas da vida intelectual franciscana compostelá, aínda que non dubida que continuaría no s. XIV e existen noticias da normativa libraria do mosteiro. Cabe destacar, con todo, que García Oro (1993: 387) poñía de manifesto a súa conformidade coa interpretación cronolóxica que aportaba De Bruyne (1930).

Pedro o Galego foi o primeiro bispo de Cartaxena entre 1250 e 1267, unha vez restaurada a sede episcopal. Dende o século pasado, esta figura foi gañando protagonismo ao pasar de coñecer-se unicamente o seu labor como bispo e proximidade co rei Fernando III e co seu fillo o infante don Afonso, do que foi confesor, á súa produción científica e intelectual. Conservadas hoxe tres das súas obras¹⁴, editadas no ano 2000 por Martínez Gázquez, e coa sospeita de ter escrito outras dúas, nos últimos tempos o interese por Pedro o Galego está a crecer¹⁵.

Á marxe das discusións sobre a veracidade de determinados datos sobre a súa vida, unha das referencias biográficas máis relevantes sobre o bispo é precisamente unha suposta nota transmitida polo seu contemporáneo Xoán Xil de Zamora, no que dá conta dalgúns momentos significativos da súa vida antes de converterse en bispo (Ortega 1740: capítulo 6, libro 1, tomo 1):

Frater Petrus Gallego ingressus est monachus monasterium apud Bastitam Toleti extra ciuitatem; succedit in Guardianatu fratri Alphonso Martino, qui misus Toletum anno 1219 fuit primus guardianus; postea anno 1236 erat Prouincialis, Regi Fernando propter egregias eius virtutes, sanctimoniam et sapientiam nimis charus et filio.

Segundo isto, Pedro o Galego pasou os seus primeiros anos en diferentes puntos da península. Desta forma, o detalle máis importante nesta argumentación é a teoría admitida pola crítica de que o bispo franciscano, de orixe galega, se forma realmente no mosteiro santiagués do que vimos falando nos seus primeiros anos, tras o cal se trasladou a outras zonas da península e se converteu finalmente en bispo de Cartaxena grazas á súa relación coa familia real (Martínez Gázquez 2000: IX-X).

Neste contexto, unha das posibilidades polas que a actividade intelectual santiaguesa sufriu un declive a partir dos anos 30 do s. XIII pode precisamente deberse a esa diseminación das figuras implicadas neste proceso a outros lugares *intra* ou *extra* peninsulares. O bispo de Cartaxena, de formarse no mosteiro santiagués, teríase trasladado polo menos a Toledo durante a súa xuventude e, unha vez elixido prelado, puxo en práctica o aprendido até aquel momento na súa propia obra.

Xa que logo, a elección deste último exemplo deriva das súas obras. Falamos concretamente da *Summa de astronomia*, que hoxe está custodiada en dous manuscritos: Madrid, Biblioteca Nacional de España, ms. 8918 e, neste caso, o Sarnano, Biblioteca Comunale di Sarnano, E.108. Polo tanto, tendo en conta que Pedro o Galego pode ser dalgunha forma proba da supervivencia da actividade intelectual compostelá, aínda que cunha relación indirecta, cómpre tamén poñer de manifesto a comparación da actividade santiaguesa coa deste particular exemplo italiano.

De acordo con Abate (1947: 479) sabemos que Sarnano, como municipio ou emprazamento xeográfico, nace a principios do s. XIII ligado a unha sorte de lenda fundacional¹⁶. No que se

14 A saber: *Summa de astronomia*, *Liber de animalibus* e *De regitiva domus*.

15 Sobre a figura de Pedro o Galego, pode consultarse Pelzer (1924), López (1925), Torres Fontes (1953/1998), Martínez Gázquez (2000), Marquant (2013), González Fernández (2020) ou Ortega López (2023), entre outros. Para unha pequena biografía divulgativa a modo de resumo e a xustificación desta tradución do seu nome, pode consultarse Garea Garrido (2025).

16 Segundo a lenda, os señores feudais das Marcas, que querían crear o novo Sarnano, non conseguían poñerse de acordo

refire en si ao asentamento dos franciscanos no lugar, esta zona foi unha das máis representativas para o franciscanismo na rexión italiana das Marcas¹⁷. Á marxe das consideracións sobre o territorio en si¹⁸, sabemos que o lugar no que os frades franciscanos se estableceron na área de Sarnano non foi a súa primeira residencia, senón que foron realmente trasladados alí arredor de 1327 dende Roccabruna. Este é un antigo mosteiro, non lonxe do propio Sarnano¹⁹, hoxe parte dunha propiedade privada pero inservible debido ao terremoto que sufriu a zona no ano 2016²⁰. O motivo deste traslado foi un incendio provocado por “algúns delincuentes”, no que ademais foron roubados case todos os seus libros e posesións, segundo Abate extrae de documentación da época, a cal desgraciadamente non transmite (1947: 479).

O que si sabemos é que tanto no primeiro mosteiro como no segundo, os frades desenvolvían algún tipo de actividade intelectual²¹. Por desgraza, tamén recolle que non temos máis noticias posteriores sobre a biblioteca ou o convento antes do seu traslado a Sarnano, no que reciben un lugar urbano e privilexiado. Nos seguintes séculos si temos máis información sobre o desenvolvemento do convento, especialmente grazas a doazóns ou testamentos²². Do patrimonio librario conservado hoxe na biblioteca franciscana sarnanesa temos diferentes noticias, mais o seu estudo non é especialmente antigo tendo ademais en conta que o estado no que se atopaba a biblioteca no século pasado, segundo Abate, era dunha completa desorde e abandono (1947: 481). Por sorte, o labor levado a cabo grazas ao apoio das autoridades durante os anos seguintes permitiu ter polo menos algunhas referencias aos manuscritos e libros que hoxe están alí conservados. Abate (1947: 483-529) ofrece unha relación de 76 manuscritos de entre os s. XIII e XV e

no escudo de armas que ilustraría este novo lugar, con tanta sorte que estando de paso por alí o propio san Francisco, foi o encargado de tomar a decisión. Levando a cabo unha milagre, ao poñer o extremo do seu cordón enriba dunha mesa formou a cara dun serafín con seis ás. Así foi elixida a imaxe, que aínda hoxe pode verse no escudo oficial do Comune di Sarnano (Abate 1947: 479).

- 17 Tal e como apunta Pagnani (1962: 56): “Il francescanesimo a Sarnano è radicato come in nessun'altra parte delle Marche, accettò forse Fabriano. È certamente la zona più carica di ricordi francescani. Si può dire che dalla costa del Monteragnolo alle colline di fronte e fin nell'interno della stessa Sarnano, tutto parla del Santo di Assisi”.
- 18 Para máis información sobre a conformación xeográfica e social do territorio de Sarnano véxase, por exemplo, Di Stefano (1994).
- 19 Segundo os datos recollidos hoxe en plataformas como Google Maps ou Google Earth, a uns 3 kilómetros e medio de distancia.
- 20 De acordo coa información proporcionada pola Agenzia per il turismo e l'internazionalizzazione delle Marche e a Giunta Regione Marche no seu sitio web oficial, dispoñible en <https://lets Marche.it/-/convento-di-roccabruna-2> [última consulta: 09/05/2025]. Ademais, tal e como sinala Pagnani (1962: 57), este lugar non foi sempre coñecido co mesmo nome, senón que tamén pode atoparse como Valcajano ou Brunforte.
- 21 Avarucci (1990: 201-206) menciona un documento importante, o testamento do pai Rinaldo, redactado o 22 de novembro de 1281, no que quedan en herdanza cen libras aos franciscanos de Roccabruna para a compra de libros. Segundo o citado por Avarucci, o documento é o pergameo 12 do Archivio di Stato di Fermo, que reza: “apud locum fratrum minorum de Rocca Bruna, pro libris sibi emendis centum libras Vulterratorum et Anconitanorum reliquit et quattuor libras annuatim pro thinicis suis et in hiis ipsum sibi heredem instituit”.
- 22 Avarucci (1990: 205) menciona, por exemplo, o testamento do bispo de Konavlje Benigno da Sarnano, que en 1416 envía “conventui meo de Sernano Ordinis minorum libros quos habeo”, entre outras posesións. Tamén no século posterior destaca a presenza e labor de frei Costanzo Torri (1529-1595), ao que se debe a existencia en Sarnano de moitos dos seus manuscritos de teoloxía e filosofía (Abate 1947: 481).

58 incunables, aínda que de acordo con el é unha listaxe moi resumida e imperfecta. O fondo de manuscritos está especialmente dedicado a obras filosófico-teolóxicas, con exemplares de Gregorio Magno, Pedro Hispano, John Peckham, Boecio ou Virxilio²³.

Dito isto, podemos xa distinguir os puntos chave da comparación entre este caso e o santiagués, que neste caso parecen ter unha contrapartida constante. En primeiro lugar, cabe sinalar que ata agora, como si ocorría nos outros exemplos, non foi mencionado se a natureza desta comparación é de tipo sincrónico ou diacrónico, pois en parte poden ser as dúas. No caso de Sarnano temos que ter constantemente en conta o primeiro asentamento, o de Roccabruna, e o segundo, o do propio Sarnano. Na cuestión da periodización, Roccabruna parece ser contemporáneo ao caso compostelán, pois a pesar de non ter unhas datas claras e establecidas, Pagnani (1962: 60) aborda a veracidade da visita de san Francisco ao lugar en 1215 e Settembri (1906: 108) menciona a existencia dun Liberato Brunforte que, nacido entre 1215 e 1218, abrazou o franciscanismo arredor dos dezaioito anos no convento de Roccabruna en 1234. A orixe do convento de Sarnano é, naturalmente, posterior por arredor dun século.

O ámbito dos centros merece tamén unha particular consideración. Como conxunto, Roccabruna e Sarnano son en parte similares ao caso compostelán en canto pertencen a unha área de especial relevancia para a historia franciscana. Roccabruna, con todo, situado nun emprazamento máis afastado e rural, parece neste caso diferenciarse máis que Sarnano, de igual xeito que o convento santiagués foi estratexicamente situado nun lugar máis urbano. Así mesmo, ningún destes exemplos se localiza nun ambiente universitario, como si ocorría antes cos exemplos de Oxford, París e, en parte, o *Vallis Viridis*. Ambos os territorios son neste caso parcialmente urbanos e desenvolveron posteriormente algún tipo de relación con entidades de estudos superiores, pero a súa actividade intelectual pertencente ao comezo do s. XIII non demostra esta conexión.

A magnitude e traxectoria de ambos os espazos parece polo tanto similar, é dicir, ambos os dous proveñen de asentamentos medianamente urbanos, cunha fundación estreitamente relacionada coa visita do propio santo ao territorio e unha lenda ligada a ela, ambas crearon nos seus inicios unha biblioteca, e sufrindo algún tipo de desastre, sexa o incendio de Roccabruna ou a desaparición do corpus científico no caso santiagués, viron o seu percorrido truncado. Ambas as dúas, con todo, conseguiron dalgunha forma perdurar no tempo a pesar dos diferentes obstáculos que tiveron que superar.

Así pois, resta dicir que, no referente a esas bibliotecas xa mencionadas, certamente é difícil establecer unha comparación ante a falta de datos concretos sobre o fondo que tería albergado a biblioteca de Roccabruna, pero si paga a pena facer unhas pequenas anotacións. É evidente que, seguindo a liña xeral do momento, ambos os casos demostraron un certo interese polo estudo conventual dalgún tipo, ao cal virían vencellados usos similares dos seus fondos. O caso santia-

23 É ademais curioso mencionar que o ms. E. 108, no que, como xa sinalamos, está parte da *Summa de astronomia* de Pedro o Galego, non aparece referido na entrada do inventario recollida por Abate (1947: 506). A falta de alusión a el posiblemente estea debida á atención que lle presta o autor ao *Speculum animae* de Peckham, mais, tal e como apuntaba Melani (1943: 82), quen publica a edición do texto, a obra está presente no manuscrito e pode ser atopada entre os folios 46r e 49r.

gués destaca polo seu corpus científico, mais cabe dicir que aínda que o manifestado nos estudos como o de Abate (1947) dá conta en Sarnano dun fondo filosófico-teolóxico, non evidencia un pequeno detalle: a *Summa de astronomia* de Pedro o Galego. A presenza en si desa obra non implica que poidamos establecer unha similitude de intereses científicos entre os dous espazos, máis aínda cando a obra do *Galego* foi escrita na segunda metade do s. XIII e o manuscrito parece ter sido composto entre o s. XIII e o XV (Melani 1943: 80 e Abate 1947: 506), pero si é canto menos testemuño de que ambos centros demostraron algún tipo de interese científico na súa traxectoria. En canto ás persoas relacionadas con eles, coñecemos en ambos os dous casos personalidades ligadas a eles de forma directa ou indirecta, como Ugolino da Montegiorgio en Sarnano entre finais do século XIII e principios do XIV e o devandito Pedro o Galego no caso compostelán.

6. Conclusións

Os datos extraídos nesta análise teñen unha dobre función clara: proporcionar unha nova perspectiva en forma de proposta metodolóxica que xustifique a validez da perspectiva comparativa nesta cuestión e intentar iluminar algúns aspectos escuros da actividade científica dos franciscanos composteláns durante os inicios do s. XIII.

Desta forma, puidemos observar como a comparación entre a actividade de Oxford e París e a santiaguesa, a pesar de compartir aspectos importantes, resulta parcial tendo en conta que a diferenza de magnitude e traxectoria entre os espazos é significativamente maior. Por esta razón, cómpre ter en conta espazos de natureza diferente, como o caso do *Vallis Viridis* ou o de Roccabruna e Sarnano que, cunha extensión menor, poidan achegarse máis ao do noso territorio. Nestes casos, mantendo a proximidade temporal entre os espazos, existe unha similitude maior no referente aos ambientes, personalidades, produción intelectual, finalidade dos estudos desenvolto e traxectoria xeral. Isto non garante unha similitude total entre eles, pero si axuda a situar a actividade compostelá dentro dun marco máis amplo, no que podemos comprobar que mantén certa afinidade con diferentes espazos pertencentes a contextos diversos. Engadimos na seguinte páxina (táboa 2) un resumo dos aspectos comparados neste estudo.

Á luz do exposto, podemos concluír que a metodoloxía comparativa (si) é de axuda para afondar no estudo da actividade intelectual mendicante desenvolto en Santiago de Compostela. Con todo, como xa adiantabamos, esta comparación non resulta suficiente de por si ao ser esta unha proposta inicial. Por iso, é necesario profundar aínda máis nos datos presentados, así como expandir o marco comparativo para situar o caso compostelán nun contexto global.

No futuro, a investigación na que se insire esta contribución require tanto profundar na análise dos obxectos de comparación presentados neste artigo como ampliar o marco xeográfico utilizado non unicamente a outras zonas europeas senón tamén peninsulares, como casos potencialmente similares ou útiles para entender o contexto compostelán e situalo nunha rede máis ampla.

Ítems	Compostela	Oxford e París	Vallis Viridis	Sarnano
Datas	1214-1220	1224/1218	1219-1220	1215-1234
Contorno	Urbano	Urbano	Semi-urbano	Rural
Ambiente de estudo e relación con universidades	Non universitario	Universitario	Preuniversitario	Non universitario
Personalidades	Pedro o Galego (indirecto)	John Peckham, Adam Marsh, etc.	-	Ugolino da Montegiorgio (indirecto)
Producción intelectual	Indirecta	Extensa	Indirecta	Indirecta
Finalidade do estudo e intereses académicos	Estudo conventual	Estudios universitarios avanzados	Estudo conventual	Estudo conventual
Traxectoria	Limitada	Continuada	Continuada	Limitada

Táboa 2: Vista panorámica da análise comparativa.

7. Bibliografía

- Abate, Giuseppe (1947): “Antichi manoscritti ed incunaboli dell’ex-biblioteca O.F.M. Conv. di S. Francesco ora Bibl. Comun. di Sarnano (Marche)”. *Miscellanea Francescana* 47, pp. 478-529.
- Avarucci, Giuseppe (1990): “L’antica biblioteca francescana ora comunale di Sarnano”. *Collectanea Franciscana* 60, pp. 201-254.
- Beaumont-Maillet, Laure (1975): *Le Grand Couvent des Cordeliers de Paris. Étude historique et archéologique du XIIIe siècle à nos jours*, París: Librairie Honoré Champion, Éditeur.
- Bruyne, Donatien de (1930): “Une liste de Manuscrits prêtés au XIIIe siècle à des Frères Mineurs”. *Antonianum* 5, pp. 229-232.
- Capelli, Roberta (2013): “Comparative Cultural Studies and the Study of Medieval Literature”. Tötösy de Zepetnek, Steven/Mukherjee, Tutun (eds.): *Companion to Comparative Literature, World Literatures, and Comparative Cultural Studies*, New Delhi: Foundation Books, pp. 162-177.
- Castro, Manuel de (1993): “La biblioteca de los franciscanos de Val de Dios, de Santiago (1222-1230)”. *Archivo Ibero-Americano* 53.209-212, pp. 151-162.

- Castro, Manuel de (1996): *Escritores de la provincia franciscana de Santiago. Siglos XIII-XIX*, Santiago de Compostela: editor desconocido.
- Denifle, Heinrich/Chatelain, Emile (1889): *Chartularium Universitatis parisiensis. Sub auspiciis Consilii generalis facultatum parisiensium ex diversis bibliothecis tabulariisque collegit et cum authenticis chartis contulit Henricus Denifle auxiliante Aemilio Chatelain. Tomus I*, París: es typis fratrum Delalain.
- Di Stefano, Emanuela (1994): *Dinamica del popolamento in una comunità dell'Appennino centrale. Sarnano nei secoli XIII-XVI*, Ancona: Quaderni monografici di «Proposte e ricerche», 15.
- Díaz y Díaz, Manuel Cecilio (1971): “Problemas de la cultura en los siglos XI-XII. La Escuela Episcopal de Santiago”. *Compostellanus* 16, pp. 187-200.
- Díaz y Díaz, Manuel Cecilio (1975): “La escuela episcopal de Santiago en los siglos XI-XIII”. *Liceo franciscano* 82-84, pp. 183-188.
- Domínguez Prieto, César Pablo (2005): “Medieval Literatures as a Challenge to Comparative Literature: A Reflection on Non-National Cultural Formations”, *The Canadian Review of Comparative Literature / Revue Canadienne de Littérature Comparée* 31.4, pp. 399-417.
- García Ballester, Luis (1996): “Naturaleza y ciencia en la Castilla del siglo XIII. Los orígenes de una tradición: los “studia” franciscano y dominico de Santiago de Compostela (1222-1230)”. De la Iglesia Duarte, José Ignacio/García Turza, Francisco Javier/García de Cortázar, José Angel (eds.): *VI Semana de Estudios Medievales: Nájera, 31 de julio al 4 de agosto de 1995*, Logroño: Instituto de Estudios Riojanos, pp. 145-170.
- García Oro, José (1993): “La biblioteca de San Francisco de Santiago antes de la exclaustación”. Universidade de Santiago de Compostela (ed.): *Homenaxe a Daría Vilariño*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade, pp. 387-396.
- García Oro, José (2006): *Los franciscanos en España. Historia de un itinerario religioso*, Santiago de Compostela: Editorial el Eco Franciscano.
- García y García, Antonio/Vázquez Janeiro, Isaac (1986): “La biblioteca del arzobispo de Santiago de Compostela, Bernardo II (+ 1240)”. *Antonianum* 4, pp. 540-568.
- Garea Garrido, Lúa Blanca (2025): “Pedro o Galego”. *Álbum de Galicia (Consello da Cultura Galega)*. [<https://doi.org/10.17075/adg.2025.24046>] [última consulta: 11/05/2025].
- González Fernández, Martín (2020): *Aristoteles Gallaecus. Filosofía de la Naturaleza en la Galicia Medieval: de David de Dinant a Pedro Gallego*, Portugal: Edições Húmus.
- Herbers, Klaus (2025): “Aspectos do culto xacobeo nos inicios do século XIII”. Singul, Francisco (ed.): *San Francisco e o seu tempo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 47-59.
- Holmes, Catherine/Standen, Naomi (2015): “Defining the Global Middle Ages (AHRC Research Network AH/K001914/1, 2013-15)”, *Medieval Worlds: comparative & interdisciplinary studies. Approaches to Comparison in Medieval Studies* 1, pp. 106-117.

- Lázaro Pulido, Manuel (2013): “Secretos y descubrimiento en el pensamiento franciscano ibérico del siglo XIII”. *Mediaevalia. Textos e estudos* 32, pp. 91-104.
- López, Atanasio (1925): “Fr. Pedro Gallego, primer obispo de Cartagena (1250-1267)”. *Archivo Ibero-Americano* 12, pp. 65-91.
- López-Mayán Navarrete, Mercedes (2010): “Los libros litúrgicos en la catedral de Santiago de Compostela (siglos XI-XV): análisis de su circulación y vicisitudes”. Corral Díaz, Esther (ed.): *In marsupiis peregrinorum: circulación de textos e imágenes alrededor del Camino de Santiago en la Edad Media: actas del Congreso Internacional, Santiago de Compostela, 24-28 marzo 2008*, Firenze: Edizioni del Galluzzo, pp. 401-414.
- Manso Porto, Carmen (2014): “El convento de San Francisco de Valdediós, santuario de la tradición de la peregrinación de Francisco de Asís a Santiago de Compostela en 1214”. *Ad Limina* 5, pp. 17-42.
- Marquant, Hugo (2013): “Pedro Gallego OFM (fallecido 1267) y la ciencia. ¿Escritor, compilador, traductor? Una reflexión traductológica”. Bueno García, Antonio (ed.): *La labor de traducción de los franciscanos*, Madrid: Franciscanos Españoles, O.F.M., Editorial Cisneros, pp. 127-144.
- Martínez Gázquez, José (2000): *Petri Galleci Opera Omnia quae exstant. Summa de astronomia. Liber de animalibus. Regitiva domus*, Florencia: SISMEL. Edizioni del Galluzzo.
- Melani, Gaudenzio (1943): “Un frammento inedito della Summa astronomica del vescovo franciscano Pietro Gallego”. *Studi francescani* 40, pp. 79-89.
- Ortega López, Dimas (2023): “Fray Pedro Gallego (1200-1267). Primer Obispo de Cartagena”. Montes Bernárdez, Ricardo/Santos López, Pascual (eds.): *Ojós y el Valle de Ricote: Tradición e historia en el Mediterráneo*, Gobierno de la Región de Murcia, Consejería de Cultura, Juventud y Deportes: Casa Mediterráneo: Centro de Estudios Históricos Fray Pasqual Salmerón: Ayuntamiento de Ojós, pp. 441-476.
- Ortega, Pablo Manuel (1740): *Chronica de la Santa Provincia de Cartagena, de la Regular Observancia de N.S.P.S. Francisco. Parte primera*, Murcia: Imprenta de Francisco Joseph López.
- Pagnani, Giacinto (1962): *I viaggi di S. Francesco d'Assisi nelle Marche*, Milano: Dott. A. Giuffrè Editore.
- Pelzer, Auguste (1924): “Un traducteur inconnu: Pierre Gallego, franciscain et premier évêque de Carthagène (1250-1267)”. Biblioteca Apostolica Vaticana (ed.): *Miscellanea Francesco Ehrle (Studi e testi, 37, vol. I)*, Roma: Biblioteca Apostolica Vaticana, pp. 407-456.
- Pérez Rodríguez, Francisco Javier (2018): “Los mendicantes en el reino de Galicia: instalación, problemas y adaptación (siglos XIII-XIV)”. Chao Castro, David/González, Isabel/López Alsina, Fernando (coords.): *Franciscanos en la Edad Media: Memoria, cultura y promoción artística*, Alessandria: Edizioni dell'Orso, pp. 97-115.
- Rucquoi, Adeline (2005): “De grammaticorum schola. La tradición cultural compostelana en el siglo XIII”. Caucci von Saucken, Paolo (ed.): *Visitandum est. Santos y cultos en el Codex*

- Calixtinus (Actas del VIIIº Congreso Internacional de Estudios Jacobeos)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 235-254.
- Settembri, Giuseppe (1906): “Memorie francescane di Sarnano, Roccabruna e Monteragnolo”. *Miscellanea Francescana* 10, pp. 108-113.
- Singul, Francisco (2014): “A tradición da peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela. Cultura e pensamento”. Singul, Francisco (ed.): *Peregrino e novo apóstolo. San Francisco no Camiño de Santiago*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 62-77.
- Singul, Francisco (2015): “San Francisco e o seu tempo”. Singul, Francisco (ed.): *San Francisco e o seu tempo*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 17-28.
- Torres Fontes, Juan (1953): “El obispado de Cartagena en el siglo XIII”. *Hispania: Revista española de historia* 52, pp. 339-401.
- Torres Fontes, Juan (1998): “Cronología de los obispos de Cartagena en la Edad Media”. *Anuario de estudios medievales* 28, pp. 661-678.